



3

CD 36 Mazaricos IIIa Esprela Raxiella

Conto: Quén mando na casa

Era un matrimonio, e mandaba sempre a mullere. De mandá-la muller díxolle un día o home:

-Muller, e vaia por Dios, e non terei un día que poda mandare eu?

díxolle o home.

-Si muller si, si muller si [=si home si], has de mandar un día. Heiche deixar mandar un día. Bueno. Mandas mañá.

Chegou unha mañán e díxolle o home á muller:

-Maruxa, levántate. -Bueno, levántouse-. Tira o palleiro.

-Aí, Dios mío, cómo vou a tira-lo palleiro.

-Si, tira o palleiro, huxe mando eu, Maruxa.

Saleu ela, tirou o palleiro. Veu e dixo:

-Xan, terein o palleiro.

-Bueno, mete a palla na cuadra

Metiu a palla na cuadra. Veu. Díxolle ela:

-Bueno, metín a palla na cuadra.

-Mata a burra.

-Aí, Dios mío, matá-la burra!! Cómo vai ser?

-Mata a burra, que mando eu. Mata a burra.

Matou a burra. Chegou ela, veu prá casa e díxolle:

-Juan, ¿e aghora? matein a burra.

-Tíralle o couro.

-Aí Dios mío, non sei tirá-lo couro.

-Si, tíralle o couro, huxe mando eu.

Tiroulle o couro, veu e dixo:

-Bueno, tireille o couro.

-Bueno, pois aghora voume eu levantar.

Levántouse e foron os dous pá cuadra, e el agharrou un vergagho bo e dixo:

-Vírame a volta que hai que hai que mallá-la palla.

Ela viraba na volta e el plás. Ela viraba na volta e el plas. Hasta que ó final a probe da muller enfuciñaba, e enfuciñaba e el:

-Maruxa, huxe mando eu. Hai que mallá-la palla, Maruxa.

Saleu a pobriña, caíu e díxolle:

-Bueno, ho, deixa que a partir de huxe has de mandar ti sempre.

Tiñan un par de bois e el levouos á feira. O home levouos á feira. E fui prá feira, vendiu os bois e díxeronlle os homes, os compañeiros:

-Aí, ho, ti vénde-los bois, así que cheghes á casa a muller ([unha palabra]), e volve atrás, que a muller mátate.

E díxolle el:

-Bueno, pois xoghámo-los bois. Se a miña muller me volve a venda atrás eu perdo os bois; se a miña muller me volve a venda atrás hai que me abonar outro tanto do que valen os bois.

Foron, marcharon prá casa, cheghou á porta, el iba cantando:

*Toca ben, miña bamburria
acórdate Maruxiña
do pelexiño da burra*

Ela estaba dentro, ententerada, facendo de comer, traballando, facendo o seu labor, e díxolle el:

-Maruxa

-Qué, Xan?

-Vendín os bois

-Está ben, o que ti fagas ta ben feito

Díxo lle el ós compañeiros:

-Pois aghora hai que abonarme o valor dos bois e quedo cos bois.

-¿Non sabe o que é mandá-la muller?